

<b>EXPEDIENTE</b>	
<b>ASUNTO</b>	RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN E APROBACION DEFINITIVA DO ORZAMENTO PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2023
<b>TRÁMITE</b>	INFORME FINAL CONXUNTO DO SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN, SECRETARÍA E INTERVENCIÓN

### ANTECEDENTES

**1º.-** Por acordo adoptado no Pleno da Corporación celebrado o 21 de outubro de 2022 aprobouse provisionalmente o orzamento provincial para o ano 2023, cadro de persoal e relacións de postos de traballo, sendo publicado o anuncio no Boletín Oficial da provincia nº 204 do 25 de outubro de 2022.

**2º.-** O prazo establecido para formular alegacións á relación de postos de traballo é de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, polo que finaliza o próximo día 23 de novembro de 2022.

**3º.-** Dentro do referido prazo, presentáronse a través da sede electrónica da Deputación as seguintes alegacións- reclamacións ás RPTs, cuxo contido expone, de forma extractada, a continuación:

**A) Alegacións da sección sindical de CCOO, rexistro do 09/12/2021:**

- Revisar o plus de peligrosidade e penalidade dos postos do Oral
- Creación de novas prazas nos Servizos do Oral, Secretaría Xeral, NNTT, Contratación, Cohesión Social, Normalización Lingüística, Finca Areiro, Castelo de Soutomaio, Patrimonio Documental, Parque de Maquinaria,
- Reclassificación do persoal operario do Castelo de Soutomaio que realiza funcións de oficial
- Cambiar a xefatura de Sección de Arquivos por un posto de adxunto á xefatura do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico
- Revisar a condicións económicas dos técnicos especialistas de composición edición
- Incrementar o número de prazas a reclasificar como vixiantes de residuos
- Creación do grupo B, que contempla o EBEP, para integrar a todos os que teñan a titulación de técnico superior, baseándose na existencia deste grupo noutras Administracións.
- Incrementar o factor de perigosidade do persoal educativo de Príncipe Felipe
- Unificar os postos do persoal do Servizo de Cociña que realizan as mesmas funcións, asignando a 4 postos de oficial/a cociñeiro/a, a categoría de oficial/a xefe/a cociñeiro/a



- Incrementar as gratificacións por xornadas especiais, quenda de fin de semana, festivos e traballos de noite
- Revisar os niveis de CD de varios postos de traballo
- Incluír no proceso de funcionarización tres postos que se omitiron e reúnen as condicións.

**B) Alegacións da sección sindical de UGT, rexistro do 16/11/2022:**

- No proceso de funcionarización do persoal laboral: incluír todos os postos de traballo de persoal laboral fixo con dous anos de antigüidade no grupo de clasificación ao que pertencen, realizando as adaptacións necesarias.
- Nas bases de aplicación de retribucións: incluír unha redución das horas da dedicación a tempo parcial, o pago dos excesos de xornada inferiores a unha hora, a equiparación de retribucións do persoal temporal equivalente a prazas de persoal funcionario, eliminación da cláusula relativa a desprazamentos no mesmo vehículo ou a revisión do reintegro dos anticipos en caso finalización da relación laboral.
- Reclasificación de varias prazas por realizar funcións de nivel superior
- Creación do grupo B de clasificación para aquelas prazas para cuxo acceso se esixiu a titulación de FP superior
- Revisión do complemento específico dos postos de traballo de atención ao público
- Dotación económica dos postos de responsables de sección e unidades do Museo Provincial
- Revisión e incremento dos CE de varios postos do Museo, creación de prazas de nivel superior e cambios de denominación nos postos do gabinete de educación
- Reclasificar as prazas dos Servizos Lingüísticos
- Creación de varias prazas no Servizo Oral asignación de novas dedicacións
- Revisar o CE das persoas que teñen que desprazarse para o desempeño do seu posto, pola condución de vehículos
- Arbitrar un sistema de produtividades regrado, efectivo e específico para o Servizo de Recadación
- Creación de novas prazas para a promoción ou asignación de xefaturas de negociado a varios postos de traballo dos Servizos de Patrimonio Documental e Comunicación

**C) Alegación de catro persoas funcionarias de carreira, con praza de delineante, adscritos tres ao Servizo de Infraestruturas e un ao Servizo de Arquitectura, a través da cal solicitan a clasificación directa das súas prazas no grupo B, en base ao disposto no artigo 76 do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sentenza da Sala do Contencioso administrativo do Tribunal Supremo, de data 15/11/2021, que obriga á Administración do Estado a clasificar no grupo B o Corpo de delineantes de Facenda, así como o encadramento deste colectivo no referido grupo na Xunta de Galicia, Deputación da Coruña ou Concello da Coruña.**



Ningunha destas alegacións se fundamenta nos motivos de reclamación previstos no artigo 170.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, non obstante, algunhas delas poderían ser aceptadas na próxima reunión da Mesa Xeral de Negociación.

4º.- Así mesmo, dentro de prazo, presentase na sede electrónica da Deputación o 22/11/2022, número web2022059658, unha alegación do Colexio territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local das provincias de Coruña e Pontevedra, con respecto á modificación do sistema de provisión do posto de traballo de Vicesecretaría, que entende debe ser por concurso e non polo sistema de libre designación, argumentando:

- Que o Tribunal Supremo ten delimitada a provisión mediante libre designación (entre outras sentenzas: 11.03.2009, Rec. 2332/2005; 09/02/2009, Rec. 7168/2004; 10/12/2008, Rec. 10351/2004; ...) do seguinte xeito:
  - Ten carácter excepcional, na medida que completa o método normal de provisión que é o concurso
  - Aplícase a postos determinados en atención á natureza das súas funcións
  - Só se inclúen en tal grupo os postos directivos e os de especial responsabilidade
- Que o posto de Vicesecretaría non figura entre os órganos que define como directivos o artigo 130 da Lei 7/85 para os municipios cualificados como de gran poboación
- Que non consta que o titular do posto de traballo de vicesecretaría da Deputación asuma no exercicio das súas funcións unha especial responsabilidade, constituíndose coma un posto de colaboración dos regulados no artigo 15 do RD 128/2018, do 16 de marzo.

En relación co manifestado nesta alegación cabe sinalar ao seguinte:

- Que de conformidade co disposto no artigo 27.1.b.2ª do RD 128/2018, de 16 de marzo, os postos de habilitación de carácter nacional pódense cubrir polo sistema de libre designación cando o posto pertenza a Deputacións Provinciais, áreas metropolitanas, cabidos e consellos insulares. Tan só os de Intervención e Tesourería necesitan da previa aprobación polo Ministerio con competencias en Facendas Locais (art. 45.1 parágrafo segundo).
- Que a especialidade da Deputación recóllese de forma clara e expresa, estando xustificada na propia diferenciación destas entidades locais provinciais doutras entidades locais, tanto nas funcións que lle corresponden, de colaboración técnica cos municipios da súa provincia, como pola dimensión deste tipo de Administracións Locais cunha pluralidade de servizos públicos.
- Que o sistema de libre designación permite unha mellor adaptación da persoa aspirante ás dinámicas de traballo da Deputación, con diferentes Centros e Servizos que acumulan grandes volumes de traballo, que requiren de capacidades e/o formación específica en



cuestións organizativas e experiencia previa en grandes administracións, capacidade de traballo en equipo e asunción de responsabilidades nas materias que se repartan co Secretario ante a imposibilidade material de que se produza unha supervisión efectiva pola súa banda das tarefas realizadas polo vicesecretario, de forma que non se pode considerar un persoal colaborador senón un auténtico reforzo orgánico na Secretaría Xeral; por citar un exemplo, na Deputación de Pontevedra no ano 2021 ditáronse un total de 7.903 Resolucións Presidenciais, e no que vai de 2022 ata o 22 de novembro 8.411 Resolucións, todo iso sen ter en conta o elevado volume de asuntos de competencia doutros órganos, como a Xunta de Goberno con medias de entre 20 e 50 asuntos semanais, que requiren a emisión dos preceptivos informes.

Ademais, a Deputación Provincial de Pontevedra exerce competencias impropias cunhas especialidades notables que representan unha porcentaxe moi elevada do seu orzamento anual:

- en materia de investigación fitosanitaria e gandeira e no desenvolvemento de sectores produtivos primarios vitivinícolas, agrícolas e gandeiros (EFA e Mouriscade)
- en atención socioeducativa e de custodia de menores en situación ou en risco de exclusión social, con módulos residenciais de menores nacionais e estranxeiros mesmo na máis tenra infancia (Centro Príncipe Felipe)
- no ámbito educativo cunha Escola Universitaria de Enfermería adscrita á Universidade de Vigo e unha Escola de Cantería única en España
- no ámbito cultural co Museo de Pontevedra, auténtico referente cultural en Galicia, con múltiples especialidades na xestión

Todas estas actividades distan moito da actividade administrativa ordinaria e aconsellan experiencia previa nos devanditos sectores, non predicable, a priori, dentro dos méritos da totalidade dos habilitados nacionais, dado que se trata de competencias impropias das Administracións Locais, que corresponderían ao ámbito autonómico, pero que se exercen a día de hoxe na Deputación de Pontevedra.

A maiores, a Deputación participa en dous Consorcios de bombeiros (Consortio Provincial e Consortio do Deza-Tabeirós-Terra de Montes), con especialidades adicionais e despacho de asuntos na Deputación como parte integrante dos mesmos. Súmase o feito de que Galicia ten unha lingua vernácula, e o posto de vicesecretario require do coñecemento da lingua (recóllese no art. 46 RD 128/2018 como un dos requisitos das bases das convocatorias da libre designación de habilitados/as nacionais).

- E que ao configurarse o posto como Vicesecretario/a, asume a substitución do Secretario/a Xeral e con iso a responsabilidade da totalidade das tarefas da Secretaría Xeral.

En consecuencia, considerase que a modificación do sistema de provisión do posto de traballo de vicesecretaría, de concurso por libre designación, atopase suficientemente xustificado, xa



que, polo que se acaba de expresar, ten carácter excepcional, aplicase en atención á natureza das súas funcións e asume tarefas de especial responsabilidade en diversos ámbitos de actuación.

5º.- Por outra parte, por razóns organizativas e de mellora do funcionamento dos servizos, o deputado delegado de persoal propón introducir as seguintes modificacións no cadro de persoal e relacións postos de traballo:

- A) Transformar unha praza de técnico/a da App Revitaliza, clasificada no grupo A2, nunha praza de técnico de xestión de residuos, do mesmo grupo, co fin de unificar a denominación das prazas creadas para o desenvolvemento deste tipo de actividade, que requiren dispor de persoas que acrediten as mesmas competencias, formación e coñecementos, con independencia das funcións que lles podan corresponder aos postos de traballo aos que figuren adscritas.
- B) Cambiar a adscrición do posto de traballo de técnico/a de xestión de Secretaría Xeral a Intervención, pola especialidade da persoa titular do posto, en canto a formación, coñecemento e experiencia en materia de contabilidade e auditoría, e co fin de optimizar a utilización do recursos humanos existentes, pasando a denominarse dito posto de técnico/a medio/a de fiscalización.
- C) Cambiar a adscrición do posto de traballo de técnico/a de xestión do Servizo de Deportes, que se atopa vacante, a Secretaría Xeral, con obxecto de poder cubrir o posto na próxima convocatoria de prazas cun perfil mais adecuado ás funcións que competen a este área de actividade.
- D) Cambiar a adscrición dun posto de traballo de administrativo/a do Servizo de Deportes á Estación Fitopatolóxica de Areeiro, por redistribución de efectivos.
- E) Cambiar a adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo/a, do grupo C2, adscrito á Estación Fitopatolóxica de Areeiro e vinculado a unha praza do grupo C1 que será obxecto de reclasificación no próximo exercicio, a Secretaría Xeral, por redistribución de efectivos.
- F) Asignar unha xefatura de sección de informes ao posto de técnico/a de apoio á Secretaría Xeral, pola singularización das súas funcións ante o elevado número de informes que emite en materia de contratación e convenios de todo tipo, ordenanzas e regulamentos; delegacións de competencias doutros concellos; bases de subvencións; cesións de bens; etc., que revelan a dedicación e complexidade das tarefas que está a desenvolver.
- G) Cambiar a proposta inicial de creación dunha praza de administrativo/a, do grupo C1, con posto de traballo de igual denominación adscrito ao Servizo de Cohesión Social e



Xuventude, pola de creación dunha praza de técnico/a medio de administración xeral, grupo A2, con posto de traballo de técnico de xestión adscrita ao mesmo Servizo, co fin de reforzar as funcións de colaboración técnica co nivel superior e de aplicación das normas de xestión dos procedementos administrativos, propostas de resolución, estudos e preparación de informes.

- H) Reclasificar dúas prazas de redactor/a corrector/a do grupo C1 e unha praza de técnico auxiliar en tradución, do grupo C1, en tres prazas do grupo A2 coas denominación que se detallan no seguinte cadro, pola especialidade técnica das funcións que están a desenvolver, en consonancia cos coñecementos e titulacións requiridas polo Servizo ao que figuran adscritos os respectivos postos de traballo:

PRAZA ACTUAL	PRAZA RECLASIFICADA
Redactor/a corrector/a, grupo C1	Tradutor/a en lingua galega, grupo A2
Redactor/a corrector/a, grupo C1	Técnico/a medio/a en tradución, grupo A2
Técnico auxiliar en tradución, grupo C1	técnico/a medio/a en tradución, grupo A2

Con tal fin, amortízase unha praza de técnico/a auxiliar de composición/edición, do grupo C1, con posto de traballo adscrito ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.

- I) Modificar a proposta inicial de funcionarización do persoal laboral fixo en base aos requisitos esixidos no artigo 20 do Convenio Colectivo, que permite a promoción do persoal laboral fixo que acredite unha antigüidade de polo menos dous anos no grupo profesional ó que pertencen o día no que remate o prazo de presentación de solicitudes e cumpran os requisitos de titulación e cualificación esixidos con carácter xeral para o acceso ó grupo profesional ó que aspiran ingresar. Tomando en consideración tal circunstancia a funcionarización afectará aos seguintes postos de traballo de persoal laboral fixo:

Nº	PRAZA	Posto de traballo	Gr	CD
1	Arquiveiro/a	Arquiveiro/a	A1	25
1	Bibliotecario/a	Bibliotecario/a	A1	25
4	Conservador/a	Conservador/a	A1	25
1	Coordinador/a publicacións	Coordinador/a publicacións	A1	25
1	Técnico/a sup. exposicións e activ. culturais	Responsable exposicións e activ. culturais	A1	25
1	Técnico/a de deseño e imaxe	Xefatura de negociado de deseño e imaxe	A2	24
1	Axudante/a Biblioteca	Axudante/a Biblioteca	A2	23
1	Conservador/a Restaurador	Conservador/a restaurador/a	A2	23
1	Axudante/a educación	Axudante/a Gabinete didáctico	A2	23
3	Técnico/a medio de turismo	Tecnico/a de turismo	A2	23
1	Técnico/a medio de turismo	Xefatura de sección de Servizos Turísticos	A2	25
1	Tecnico aux. maquinista offset	Tecnico/a aux. maquinista Offset	C1	22



1	Tecnico/a aux. Pasador/a retocador/a	Xefatura negociado pasador/a retocador/a	C1	22
1	Tecnico/a auxiliar teclista	Tecnico/a auxiliar teclista	C1	22
1	Administrativo/a xefe de negociado	Administrativo/a xefatura de negociado	C1	22
1	Técnico/a auxiliar de programación	Xefatura de negociado de Programación	C1	22
1	Técnico/a auxiliar de sistemas	Xefatura de negociado de sistemas	C1	22
2	Técnico/a auxiliar de educación	Técnico/a auxiliar de educación	C1	20
1	Tecnico/a auxiliar informático/a	Tecnico/a informático/a	C1	20
2	Administrativo/a	Administrativo/a	C1	20
4	Administrativo/a rama tributaria	Administrativo/a de xestión tributaria	C1	20
1	Auxiliar de comunicación	Auxiliar de Comunicación	C2	18
1	Oficial/a de montaxe	Responsable de montaxe	C2	18
5	Oficial/a de servizos xerais e subalternos	Oficial/a de servizos xerais e subalternos	C2	16
2	Auxiliar de admón. xeral	Auxiliar de xestión tributaria e información	C2	18
1	Limpador/a	Limpador/a	E	14
1	Subalterno/a de oficios varios	Subalterno/a de oficios varios	E	14
1	Técnico/a informático/a	Técnico/a informático	C1	20
8	Subalterno/a de oficios varios	Subalterno/a de oficios varios	E	14
2	Conservador/a restaurador/a	Conservador/a restaurador	A2	23
1	Axudante/a conservación arquivo gráfico	Axudante/a conservación arquivo gráfico	A2	23
1	Axudante/a arquivo documental	Axudante/a arquivo documental	A2	23
19	Auxiliar de admón. xeral	Auxiliar de xestión tributaria e información	C2	18
5	Técnico/a auxiliar de educación	Técnico/a auxiliar de educación	C1	20
1	Técnico/a de administración	Técnico/a de administración	A1	25
80				

O custo salarial que deriva destes cambios pódese afrontar co montante total do crédito inicial, debido a amortización dunha praza e a existencia de prazas vacantes nos Servizos aos que están adscritos os correspondentes postos de traballo.

6º.- Por último, advertido un erro na actualización das retribucións totais do posto de traballo de persoal laboral fixo de técnico/a de artrópodos, cuxo importe foi recoñecido por sentenza firme, procedese a súa rectificación, debendo figurar o seguinte importe:

Retribucións 2023 aprobación inicial	Retribucións 2023 aprobación definitiva
33.383,66 €	34.347,68 €

7º.- Considerando as modificacións propostas no cadro de persoal e RPT así como as alegacións sindicais presentadas, convocouse a mesa xeral de negociación para o día 21/11/2022. Nesa reunión expuxéronse os cambios así como alegacións que se teñen en conta para a aprobación definitiva, que son a ampliación do número de postos obxecto de funcionarización e a



reclasificación das prazas de tradución con postos adscrito ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1º.- O artigo 170.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 22.2 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo primeiro do título VI da Lei 39/88, dispón que unicamente poderán entablarse reclamacións contra o orzamento:

- a) *Por non terse axustado a súa elaboración e aprobación ós trámites establecidos nesta Lei.*
- b) *Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.*
- c) *Por seren de manifesta insuficiencia os ingresos con relación ós gastos orzamentarios ou ben destes respecto ás necesidades para as que estean previstos.*

2º.- Tal e como determina o artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, pola que se aproba a Lei do emprego público de Galicia, a relación de postos de traballo, previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxeron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas. Unha vez aprobada definitivamente, remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia

3º.- A teor do disposto no art. 37 do Real decreto legislativo 2/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do Empregado Público, serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda, entre outras, a aplicación do incremento das retribucións do persoal ó servizo das Administracións Pública así como a determinación e aplicación de retribucións dos funcionarios, quedando excluídas expresamente da obrigatoriedade da negociación as decisións das Administracións Públicas que afecten as súas potestades de organización e a determinación das condicións de traballo do persoal directivo, entre outras. Neste senso, unha ampla e reiterada xurisprudencia, como a recollida na Sentenza do TSJ de Extremadura núm. 532/2005 de 16 xuño, reconece que o principio de autoorganización nas Administracións Locais, nas distintas materias relacionadas coa súa organización administrativa, está referido, fundamentalmente, á facultade para establecer as súas propias estruturas organizativas, de conformidade coa Constitución e os límites que estableza o Lexislador. Iso leva que sexa a Administración o único ente que pode e debe valorar as concretas necesidades





*da súa organización administrativa e definir as características dos postos de traballo que forman parte da súa estrutura administrativa en exercicio desa potestade de autoorganización. Na mesma liña pronúnciase o tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do contencioso-administrativo, Sección 1ª), mediante sentenza núm. 451/2012 de 21 marzo, ao indicar que "a finalidade do mellor servizo aos intereses xerais que se desprende do artigo 103 da Constitución presupón a atribución á Administración da capacidade de organización e coordinación dos seus servizos, sendo indiscutible tal facultade da Administración de organizar os servizos ao seu cargo na forma que estime máis conveniente aos intereses públicos, (...). A elaboración ou confección da RPT integra, por tanto, unha cuestión organizativa que atopa adecuado encaixe dentro das facultades que nese aspecto corresponden á Administración (...).*

4º.- Examinadas as alegacións formuladas ata o momento pola Sección Sindical de CCOO e UGT pódese comprobar que ningunha delas se fundamenta nos motivos contemplados no referido artigo 170.2 do TRLRFL, e a maioría afectan á a potestade de autoorganización da Corporación Provincial, a quen lle corresponde valorar as concretas necesidades da organización administrativa, coordinar os servizos ó seu cargo e definir as características dos postos de traballo que forman parte da súa estrutura.

A maioría das alegacións de CCOO e UGT, xa foron tratadas na negociación e reproducen integralmente as expostas no seu momento, non obstante, unha vez valoradas, introdúcese na aprobación definitiva a ampliación das prazas obxecto de funcionarización e a reclasificación de tres prazas do grupo C1 con postos de traballo adscritos ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.

As modificacións do cadro de persoal e relacións de postos de traballo que se propoñen neste expediente de aprobación definitiva, por cambios de postos, transformacións, reclasificacións ou incremento do número de postos a funcionarizar, tramítanse en virtude da potestade de autoorganización da corporación provincial co fin de adecuar a estrutura de persoal ás necesidades reais desta Administración, garantir o normal funcionamento dos servizos, adecuar ás prazas e postos ás funcións que están a desenvolver e adscribir as persoas funcionarias aos Servizos nos que viñan desenvolvendo a súa actividade, o que se leva a cabo con fundamento no artigo 4.1 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local.

En canto a alegación de catro persoas funcionarias de carreira, con praza de delineante, procede a súa desestimación, por canto que na estrutura organizativa da Deputación non existe o grupo B, nin a súa integración ten carácter preceptivo. Ademais, para a súa configuración sería preciso realizar un estudo da situación actual do cadro de persoal, prazas afectadas, ás que se lle requiriu como titulación de acceso o ciclo superior de formación profesional, estimación do incremento total do custo en concepto de retribucións e seguridade social, a determinación da correspondente subescala e clase, nivel de complemento de destino e valoración do importe do complemento específico, ademais da concreción dos programas de acceso á este novo grupo, dentro da regulación establecida no artigo 170 e seguintes do Real decreto legislativo



781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e Real decreto 896/91, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

Non obstante o anterior, débese facer mención á recente Resolución da Secretaria de Estado de Función Pública, de 14 de novembro de 2022, pola que se aproba o “Acordo Marco para unha Administración do século XXI” (publicada no BOE do 17/11/2022), cuxo punto 4, relativo á plena aplicación da clasificación do persoal ao servizo das Administracións Públicas dos artigos 76 do TREBEP, aclara ao respecto o seguinte:

*Para lograr a plena efectividade do modelo de clasificación, é necesario desenvolver de maneira coordinada entre as Administracións Públicas e as organizacións sindicais un conxunto de medidas tanto normativas como organizativas para proceder, entre outras, ao desenvolvemento do grupo B... Neste sentido, creárase un grupo de traballo paritario no seno da comisión de seguimento prevista no presente acordo para levar a cabo o impulso e coordinación de actuacións para que, o longo do ano 2023 a citada clasificación profesional acade a súa plena implantación no conxunto das Administracións Públicas, tendo en conta, igualmente, o previsto no artigo 77 en relación con persoal laboral.*

En consecuencia, cando se aprobe dita regulación adoptaranse as medidas que correspondan en atención a súa posible integración na estrutura organizativa da Deputación.

5º.- Polo que se refire á alegación do Colexio territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local das provincias de Coruña e Pontevedra, sobre o cambio do sistema de provisión do posto de traballo de vicesecretario/a, procede a súa desestimación dado que, como xa se indicou, ten carácter excepcional, pois dos 5 postos de habilitados da Deputación, tres teñen asignado o sistema de concurso, ademais, aplicase en atención á natureza das súas funcións e configúrase na estrutura organizativa da Deputación coma un posto de especial responsabilidade polo alcance das tarefas a desenvolver no ámbito de actuación desta Institución, nas que reforza o carácter directivo da secretaría, xa que non só desenvolve por delegación parte das súas funcións, senón que lle substitúen en casos de vacante, ausencia, enfermidade ou concorrencia de causa de abstención ou recusación legal ou regulamentaria.

Neste sentido, dito posto de traballo terá asignadas, entre outras as seguintes funcións:

1. Levar a cabo as funcións que lle sexan encomendadas polo Secretario Xeral
2. Substituír ao citado órgano de carácter directivo, en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou abstención legal ou regulamentaria.
3. Exercer as funcións de asesoramento xurídico e impulso dos expedientes que lle sexan encomendados.



4. Realizar calquera outras tarefas encomendadas polo seu superior xerárquico, no marco da súa titulación, así como as necesarias para o desenvolvemento das funcións asignadas á súa unidade administrativa.
5. Aplicar á tramitación e xestión, os medios tecnolóxicos postos á súa disposición para facilitar o acceso e a tramitación electrónica.
6. Instrución de expedientes disciplinarios.
7. Participación nas Mesas de Contratación da Deputación.
8. Participación como membro dos Tribunais de selección
9. Emisión de informes nos expedientes de recursos humanos.
10. Asistencia aos concellos da provincia que así o demanden, en concreto:
  - a) Emisión de informes xurídicos
  - b) Participación en Tribunais de procesos selectivos.
  - c) Instruír expedientes disciplinarios.
  - d) Participación en Mesas de Contratación.
  - e) Realización de labores especiais de carácter circunstancial e excepcional, nos casos de ausencia, enfermidade ou abstención legal ou regulamentaria de funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional.

Neste posto precísase contar con persoal cualificado para as relevantes funcións que comporta a actividade despregada pola Secretaría desta Corporación, na súa misión primordial de asistencia e satisfacción das necesidades dos cidadáns e nas tarefas de fe pública e asesoramento xurídico.

Dita función na xestión cotiá das actividades da Secretaría, debe ser desempeñada por persoal pertencente á Escala de Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, Subescala Secretaría, con amplos coñecementos da normativa vixente, e destreza no manexo de asuntos de asesoría. Persoal con esta cualificación, suporá sen dúbida un beneficio para a eficacia e boa marcha da xestión dos múltiples asuntos que debe desenvolver a Secretaría desta Corporación.

En relación co anterior, e se temos en conta os principios que deben rexer a actuación das Administracións Públicas contidos no artigo 103 da Constitución, destaca como principio inspirador o de eficacia. Devandito principio, de vital importancia sobre todo nas relacións da Administración Pública cos administrados, implica que a Administración cumpra os obxectivos fixados nos servizos prestados aos cidadáns. Pero debe ir máis aló do mero cumprimento, tendendo cara a uns índices de calidade óptimos. Devandito deber, por tanto, que ten a Administración Pública en xeral, e esta Corporación en particular, non pode completarse debidamente sen a cobertura do persoal necesario para atender e xestionar os servizos públicos de modo eficiente e eficaz, como se explicou anteriormente. Por iso, faise necesaria a provisión por libre designación do posto de Vicesecretario/a.



6º.- Segundo se recolle no artigo 33.1 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, corresponde ó Pleno da Corporación Provincial a aprobación e modificación dos orzamentos, ao amparo do disposto na Lei Reguladora de Facendas Locais.

En base ós antecedentes e fundamentación xurídica exposta, **PROPONSE:**

1. Desestimar as alegacións presentadas polos Sindicatos CCOO e UGT polas razóns expostas nos apartados anteriores, salvo a relativa á ampliación dos postos de persoal laboral fixo obxecto de funcionarización, sempre que acrediten dous anos de antigüidade no grupo profesional ó que pertencen, a cal se inclúe na proposta do deputado delegado de persoal e a transformación de tres prazas do grupo C1 en A2 para reclasificación de persoal do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, o que se compensa coa amortización dunha praza do grupo C1 de técnico auxiliar de composición/edición.
2. Desestimar a alegación das catro persoas funcionarias de carreira, con praza de delineante, adscritos aos Servizos de Infraestruturas e Arquitectura, por non estar constituído na estrutura organizativa da Deputación Provincial de Pontevedra ese novo grupo de clasificación e estar prevista na Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública do 14/11/2022 a aprobación dun conxunto de medidas normativas e organizativas para o desenvolvemento deste grupo de clasificación.
3. Desestimar a alegación do Colexio territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local das provincias de Coruña e Pontevedra, por considerar que a Deputación Provincial de Pontevedra cumpre as condicións requiridas no Real decreto 128/2018, 16 de marzo, para establecer o sistema de libre designación como forma de provisión do posto de traballo da vicesecretaría, polo carácter excepcional, pola natureza das súas funcións e pola atribución de tarefas de especial responsabilidade en diversos ámbitos de actuación.
4. Rectificar a retribución total anual do posto de traballo de persoal laboral fixo de técnico/a de artrópodos por erro na actualización da contía recoñecida por sentenza firme, de forma que onde di: 33.383,66 €, debe dicir 34.347,68 €.
5. Aprobar definitivamente o cadro de persoal e relacións de postos de traballo do ano 2023 coas modificacións sinaladas sobre a aprobación inicial nos antecedentes deste informe, concretamente detalladas no apartado cuarto.

*Asinado dixitalmente á marxe*

A xefa do Servizo de RRHH e F.

O secretario

O Interventor

